# 1. IDENTIFICACIÓN

| | | | |
|---|---|---|---|
| **TÍTULO DA TAREFA:** | *“PHOTOMONTAGE”* | | |
| **ETAPA:** | Educación Primaria | **NIVEL:** | 2º Educación Primaria |
| **ÁREAS:** | Educación Artística (Plástica), Lingua estranxeira (Inglés), Proxecto Competencial, Ciencias Sociais, Lingua Galega e Literatura | **PROFESORADO:** | Eva Álvarez Vidal |

**DESCRIPCIÓN:**

A tarefa consiste na creación dun collage, mergullando desta forma no fotomontaxe dadaísta, coñecendo esta técnica e desenvolvendo ao mesmo tempo o proceso creativo e audiovisual do alumnado. Ademais, traballamos o recoñecemento de diversas emocións, debido a que dende as diferentes obras da artista traballada, tamén podemos identificar distintas emocións e sentimentos que quería mostar nas súas creacións.



Con esta tarefa tamén contribuímos ao desenvolvemento dalgúns ODS:

ODS3 “Saúde e benestar”

ODS4 “Educación de calidade”

ODS5 “Igualdade de xénero”

| XUSTIFICACIÓN: |
|---|
| Grazas a esta tarefa do ámbito Creavisual estamos contribuíndo ao desenvolvemento de diferentes competencias clave do currículo: á CCL desenvólvese ao desenvolver as diferentes destrezas lingüísticas durante os proceso creativo; á CP ao empregar diferentes linguas, neste caso a lingua galega e a lingua inglesa; a CD ao empregar diferentes dispositivos electrónicos e dixitais para a creación de propostas artísticas en diferentes formatos; á CPSAA favorecendo a reflexión, xestión do tempo, adaptación a cambios e circunstancias, así como a xestión de procesos metacognitivos; CC favorecendo o respecto cultura; á CE ao establecer un proceso de creación, recoñecendo necesitades, buscando solución, cooperando e valorando o proceso; CCEC ao recoñecer e respectar outras culturas diferentes ás nosas, manifestándoo no produto final.<br><br>Grazas a este desenvolvemento competencial, contribuímos ao logro dalgúns aspectos recollidos na finalidade da Educación Primaria, onde podemos destacar, sobre todo, a creatividade e o sentido artístico.<br><br>Ademais, contribúese ao desenvolvemento de elementos transversais como: prevención e resolución pacífica de conflitos, liberdade, paz, democracia, respecto polos dereitos humanos e rexeitamento de calquera tipo de violencia, así como a creatividade, autonomía, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico. |
| CONTEXTO: |
| Ámbito Creavisual, aula de 2º B |

| 2. CONCRECIÓN CURRICULAR | | | |
|---|---|---|---|
| **ACTIVIDADES** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN / OBXECTIVO** | | **INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN** |
| **SESIÓN 1** | | | |
| Círculo proactivo: *“what do you remember about first crea visual field?”* | CA2.6. Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa. | OBX3 | LISTA DE CONTROL DE FRECUENCIAS |
| Panel SCRUM | CA1.4. Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. | OBX1 | LISTA DE CONTROL DE FRECUENCIAS |
| Actividade de motivación: recortes de collage *“What can you do with them?”* | CA2.6. Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa. | OBX3 | LISTA DE CONTROL DE FRECUENCIAS |
| | CA2.2. Expresar de forma guiada, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. | OBX3 | RÚBRICA DE AVALIACIÓN |
| Emotion collage | CA2.2. Expresar de forma guiada, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. | OBX3 | RÚBRICA DE AVALIACIÓN |
| Rutina de pensamento: *headlines* | CA2.6. Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa. | OBX2 | LISTA DE CONTROL DE FRECUENCIAS |

| SESIÓN 2 | | | |
|---|---|---|---|
| Círculo proactivo: *"do you think there are more man artist or woman?"* | CA2.6. Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa. | OBX2 | LISTA DE CONTROL DE FRECUENCIAS |
| Panel SCRUM | CA1.4. Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. | OBX1 | LISTA DE CONTROL DE FRECUENCIAS |
| *Information search about Hannah Höch* | CA1.3. Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa. | OBX2 | RÚBRICA DE AVALIACIÓN |
| | CA1.3. Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural. | OBX2 | LISTA DE CONTROL DE FRECUENCIAS |
| Rutina de pensamento: *see-think-ask* | CA2.8. Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos. | OBX10 | LISTA DE CONTROL DE FRECUENCIAS |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | CA1.6. Imitar e participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais. | OBX3 | LISTA DE CONTROL DE FRECUENCIAS |
| *Fact Sheet* | CA3.2. Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos, en lingua galega, axeitados ao nivel: título, ilustracións e identificación de palabras clave. | OBX4 | LISTA DE CONTROL DE FRECUENCIAS |
| **SESIÓN 3** | | | |
| Círculo proactivo: *"what does a collage need?"* | CA2.6. Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa. | OBX3 | RÚBRICA DE AVALIACIÓN |
| Panel SCRUM | CA1.4. Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. | OBX1 | LISTA DE CONTROL DE FRECUENCIAS |
| Collage production | CA4.2. Expresar de forma guiada, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. | OBX3 | RÚBRICA DE AVALIACIÓN |
| | CA4.3. Participar de maneira guiada no deseño de producións audiovisuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoqu coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade. | OBX4 | |
| **SESIÓN 4** | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Panel SCRUM | CA1.4. Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. | OBX1 | LISTA DE CONTROL DE FRECUENCIAS |
| Collage production | CA1.4. Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensación, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenza e similitudes. | OBX2 | RÚBRICA DE AVALIACIÓN |
| | CA1.5. Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas pláticas e visuais interiorizando as normas elementais de comportamiento e mostrando una actitude positiva. | OBX1 | |
| | CA4.5. Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido. | OBX4 | |
| Exit ticket: *what I liked, what I didn't like* | CA2.6. Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa. | OBX3 | RÚBRICA DE AVALIACIÓN |
| Avaliación e análise dos compromisos do caderno de equipo. | | | |

**CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA**

- Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Técnicas e estratexias básicas de comprensión da imaxe e descripción de imaxes presentes no contexto próximo.
- Recursos dixitais básicos para as artes plásticas e visuais.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Propostas audiovisuais elementais. Nocións básicas sobre cinema. Recoñecer e interpretar imaxes fixas e en movemento en contextos culturais próximos. Respecto e valoración destas desde una perspectiva de xénero.

# 3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (1)

| ACTIVIDADES | EXERCICIO 1 | EXERCICIO 2 | EXERCICIO 3 | EXERCICIO 4 |
|---|---|---|---|---|
| **SESIÓN 1** | | | | |
| Círculo proactivo: *“what do you remember about first crea visual field?”* | Situados en círculo a mestra fai unha pregunta e presenta a pelota como obxecto facilitador da palabra. Soamente fala o que ten a pelota. | Tod@s os membros do círculo deben participar seguindo por orde e seguindo o sentido das agullas do reloxo. | | |
| Panel SCRUM | Planificar en gran grupo os pasos do traballo diario no Panel SCRUM ao comezo da sesión. | Revisar en gran grupo os pasos do traballo diario e indicar no Panel SCRUM se os pasos están conseguidos, en proceso ou pendentes.<br>Anotar dificultades e as posibles modificacións. | | |
| Actividade de motivación: recortes de collage *“What can you do with them?”* | En gran grupo probamos a facer creación cos recortes de imaxes que se presentan. | En pequenos grupos, coa estructura coopertativa folio xiratorio, consturimos un novo collage. | | |
| Emotion collage | En equipos, empregamos as nosas caras para construir unha emoción asignada. | | | |
| Rutina de pensamento: *headlines.* Empregaremos | En gran grupo compartimos as nosas impresións sobre o proceso seguido e a súa utilidade. | Creamos un pequeno titular para a fin desta tarefa nunha plantilla A3. | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a estructura cooperativa folio xiratorio. | | | | |
| **SESIÓN 2** | | | | |
| Círculo proactivo: *"do you think there are more man artist or woman?"* | Situados en círculo a mestra fai unha pregunta e presenta a pelota como obxecto facilitador da palabra. Soamente fala o que ten a pelota. | Tod@s os membros do círculo deben participar seguindo por orde e seguindo o sentido das agullas do reloxo. | | |
| Panel SCRUM | Planificar en gran grupo os pasos do traballo diario no Panel SCRUM ao comezo da sesión. | Revisar en gran grupo os pasos do traballo diario e indicar no Panel SCRUM se os pasos están conseguidos, en proceso ou pendentes.<br>Anotar dificultades e as posibles modificacións. | | |
| *Information search about Hannah Höch:* bubble map | Lectura da información nun Prezi. | Paso da información ao bubble map, seleccionando e pensando a información que temos que escribir. | Contrastamos a información co resto dos equipos para corrixir e completar. | |
| Rutina de pensamento: *see-think-ask* | Visualizamos en gran grupo as obras: que vemos, que pensamos que é, que pregunta lle faríamos á artista. | En equipos, repartimos as obras da artista e realizamos a rutina de pensamento. | | |
| *Fact Sheet* | Descubrimos as obras de Hannh Höch e completamos a ficha técnica do museo. | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **SESIÓN 3** | | | | |
| Círculo proactivo: *"what does a collage need?"* | Situados en círculo a mestra fai unha pregunta e presenta a pelota como obxecto facilitador da palabra. Soamente fala o que ten a pelota. | Tod@s os membros do círculo deben participar seguindo por orde e seguindo o sentido das agullas do reloxo. | | |
| Panel SCRUM | Planificar en gran grupo os pasos do traballo diario no Panel SCRUM ao comezo da sesión. | Revisar en gran grupo os pasos do traballo diario e indicar no Panel SCRUM se os pasos están conseguidos, en proceso ou pendentes.<br>Anotar dificultades e as posibles modificacións. | | |
| Collage production | Explicación dos pasos a seguir para a elaboración do collage:<br>- Material que precisamos e podemos empregar.<br>- Que precisa un collage?<br>- Pasos. | Creación dos nosos collages. | | |
| **SESIÓN 4** | | | | |
| Panel SCRUM | Planificar en gran grupo os pasos do traballo diario no Panel SCRUM ao comezo da sesión. | Revisar en gran grupo os pasos do traballo diario e indicar no Panel SCRUM se os pasos están conseguidos, en proceso ou pendentes. | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | Anotar as dificultades e as posibles modificacións. | | |
| Collage production | Explicación dos pasos a seguir para a rematar o noso collage:<br>- Material que precisamos e podemos empregar.<br>- Emprego das tablets para engadir elementos audiovisuais: stickers, imaxes...<br>- Pasos. | Remate dos nosos collages. | | |
| Exit ticket: *what I liked, what I didn't like* | En gran grupo explicamos en que consiste a rutina de pensamento. | En pequeno grupo, empregando a estructura do folio xiratorio, completamos o ticket de saída en equipos. | | |
| Avaliación e análise dos compromisos do caderno de equipo. | En pequeno grupo reflexionamos acerca dos compromisos individuais adquiridos e completamos a coavaliación de equipo. | | | |

| 4. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (2) | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **ACTIVIDADES** | **ESCENARIO** | **AGRUPAMENTO** | **RECURSOS** | **TEMPORALIZACIÓN** |
| Círculo proactivo: *"what do you remember about first crea visual field?"* | Aula de 2º B | Gran grupo | Obxecto da palabra | 15 min |
| Panel SCRUM | Aula de 2º B | Gran grupo e equipos base | Panel SCRUM | 15 min |
| Actividade de motivación: recortes de collage *"What can you do with them?"* | Aula de 2º B | Gran grupo e equipos base | Imaxes e recortes | 30-40 min |
| Emotion collage | Aula de 2º B | Equipos base | Imaxes coas caras dos membros dos equipos | 30-40 min |
| Rutina de pensamento: *headlines.* | Aula de 2º B | Equipos base | Plantilla e material de escritura | 15-20 min |
| Círculo proactivo: *"do you think there are more man artist or woman?"* | Aula de 2º B | Equipos base | Obxecto da palabra | 15 min |
| Panel SCRUM | Aula de 2º B | Gran grupo e equipos base | Panel SCRUM | 15 min |
| *Information search about Hannah Höch:* bubble map | Aula de 2º B | Equipos base | Presentación prezi, plantilla e soportes de escritura | 45-60 min |
| Rutina de pensamento: *see-think-ask* | Aula de 2º B | Gran grupo e equipos base | Obras da artista, plantilla e material de escritura | 20 min |
| *Fact Sheet* | Aula de 2º B | Equipos base | Plantilla e material de escritura | 15 min |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Círculo proactivo: *"what does a collage need?"* | Aula de 2º B | Gran grupo | Obxecto da palabra | 15 min |
| Panel SCRUM | Aula de 2º B | Gran grupo e equipos base | Panel SCRUM | 10 min |
| Collage production | Aula de 2º B | Individual | Tablets, imaxes e recortes, pintura acrílica , acuarela, ceras, lapis de cores, tesoiras, pegamento… | 2 horas |
| Panel SCRUM | Aula de 2º B | Gran grupo e equipos base | Panel SCRUM | 10 min |
| Collage production | Aula de 2º B | Individual | Tablets, imaxes e recortes, pintura acrílica , acuarela, ceras, lapis de cores, tesoiras, pegamento… | 1 hora |
| Exit ticket: *what I liked, what I didn't like* | Aula de 2º B | Equipos base | Plantilla e material de escritura | 15-20 min |
| Avaliación e análise dos compromisos do caderno de equipo. | Aula de 2º B | Individual e equipos base | Plantilla e material de escritura | 15-20 min |

# 5. AVALIACIÓN

| ASPECTOS A AVALIAR | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|
| **ENSINANZA-APRENDIZAXE (ALUMNADO)** | Diario de sesión: rúbricas, lista de control e lista de cotexo | Observación sistemática |
| **PRÁCTICA DOCENTE** | Rúbrica de autoavaliación docente | Observación sistemática |
| **DESEÑO DA TAREFA** | Rúbrica de autoavaliación | Observación sistemática |

## RÚBRICAS

| | CRITERIO DE AVALIACIÓN | 4 | 3 | 2 | 1 |
|---|---|---|---|---|---|
| PLÁSTICA | CA2.2. Expresar de forma guiada, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. | Sempre se expresa compartindo emocións e sentimentos a través de producións plásticas e visuais. | Procura expresar compartindo algunhas emocións de sentimentos a través das producións plásticas e visuais. | Cústalle expresar algunhas emocións e sentimentos a través de producións plásticas e visuais. | Ten dificultades para expresar emocións e sentimentos a través de producións plásticas e visuais. |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | CA1.3. Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa. | Ten autonomía para buscar información a seleccionar de forma crítica a que precisa para responder ás preguntas plantexadas. | | Procura ter certa autonomía, pedindo axuda, para buscar información e seleccionar de forma crítica a que precisa para responder ás preguntas plantexadas. | | Cústalle ter autonomía, e pedir axuda, para buscar información e seleccionar a que precisa para responder ás preguntas plantexadas. | | Ten dificultades para buscar con autonomía, e incluso con axuda, información que precisa para responder ás preguntas plantexadas. | |
| | CA4.2. Expresar de forma guiada, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. | Exprésase a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimenta con diferentes linguaxes e instrumentos plásticos e audiovisuais. | | Procura expresarse a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, e intenta experimentar con diferentes linguaxes e instrumentos plásticos e audiovisuais. | | Cústalle expresarse a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, e experimentar con diferentes linguaxes e instrumentos plásticos e audiovisuais. | | Non sempre se expresa a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, e experimenta con diferentes linguaxes e instrumentos plásticos e audiovisuais. | |
| | CA4.3. Participar de maneira guiada no deseño de producións audiovisuais elementais, traballando de forma | Ten unha actitude de participación no deseño de | | Procura ter unha actitude de participación no | | Cústalle ter unha actitude de participación no | | Non sempre ten unha actitude de participación no | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade. | producións audiovisuais e respecta a diversidade e a igualdade. | | deseño de producións audiovisuais e intenta respectar a diversidade e a igualdade, con axuda. | | deseño de producións audiovisuais e respectar a diversidade e a igualdade. | | deseño de producións audiovisuais nin respecta a diversidade e a igualdade. | |
| | CA1.4. Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensación, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenza e similitudes. | É capaz de identificar o significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais. Indica as cales, medios e técnicas empregados. Tamén identifica diferenzas e similitudes. | | Procura identificar o significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais. Con axuda, indica as cales, medios e técnicas empregados, diferenzas e similitudes. | | Cústalle identificar o significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais. Incluso con axuda, non sempre indica as cales, medios e técnicas empregados, diferenzas e similitudes. | | Non sempre identifica o significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, incluso con axuda, non sempre indica as cales, medios e técnicas empregados, diferenzas e similitudes. | |
| | CA1.5. Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas pláticas e visuais interiorizando as normas elementais de comportamiento e mostrando una actitude positiva. | Mostra respecto e cumpre as normas de comportamento axeitado, tendo unha actitude | | Procura mostrar respecto e adoita cumprir as normas de comportamento | | Cústalle mostrar respecto e non adoita cumprir as normas de comportamento | | Non sempre mostra respecto e cumpre as normas de comportamento | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | positiva ante a recepción de propostas artísticas de autores/as, compañeiros/as e as súas propias. | | axeitado, intentando ter unha actitude positiva ante a recepción de propostas artísticas de autores/as, compañeiros/as e as súas propias. | | axeitado, ter unha actitude positiva ante a recepción de propostas artísticas de autores/as, compañeiros/as e as súas propias. | | axeitado, ten unha actitude positiva ante a recepción de propostas artísticas de autores/as, compañeiros/as e as súas propias. | |
| | CA4.5. Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido. | Comparte experiencias creativas, contando como se sentiu durante o proceso e explica como o fixo e o seu resultado final. | | Procura compartir experiencias creativas; con axuda conta como se sentiu, e explica brevemente o proceso e o resultado final. | | Cústalle compartir experiencias creativas; incluso con axuda, lle custa contar como se sentiu e explicar o proceso. | | Non sempre comparte experiencias creativas e tampouco conta como se sentiu nin explica o proceso. | |

# LISTA CONTROL DE FRECUENCIAS

| | CRITERIO DE AVALIACIÓN | SI (1) | NON (0) | OBSERVACIÓNS |
|---|---|---|---|---|
| P.C | CA1.4. Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | - Secuencia<br>- Temporaliza | | | |
| LGL | CA2.6. Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa | | | |
| | CA2.8. Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos. | | | |
| | CA3.2. Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos, en lingua galega, axeitados ao nivel: título, ilustracións e identificación de palabras clave. | | | |
| CCSS | CA1.3. Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural. | | | |
| ENGLISH | CA1.6. Imitar e participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais. | | | |

# RÚBRICA DE AUTOAVALIACIÓN DOCENTE

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **1. Planificación da actividade docente** | A (4) | B (3) | C (2) | D (1) |
| Os criterios de avaliación son obxectivos e claros. | | | | |
| Teño planificadas medidas de atención á diversidade e ao ACNEAE. | | | | |
| **2. Desenvolvemento da actividade docente.** | A (4) | B (3) | C (2) | D (1) |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Nas actividades propostas, hai un emprego de diversidade de métodos e estratexias, incluíndo o emprego das TIC. | | | | |
| Motivo ao alumnado e promovo o seu interese con recursos e estratexias didácticas. | | | | |
| **3. Seguimento das aprendizaxes do alumnado e decisións adoptadas para favorecer a mellora destes e destas.** | A (4) | B (3) | C (2) | D (1) |
| Emprego procedementos e instrumentos de avaliación axeitados. | | | | |
| Realizo un rexistro individualizado dos progresos e realizacións do alumnado. | | | | |
| Teño en conta a atención á diversidade na avaliación do alumnado e realizo as actividades adecuadas a este. | | | | |
| **4. Xestión da aula** | A (4) | B (3) | C (2) | D (1) |
| Planifico a miña actividade docente, preparo materiais e as propias actividades, organizo a aula... | | | | |
| Promovo un ambiente de traballo que desenvolve actitudes de respecto e colaboración. | | | | |
| Teño en conta as diversas capacidades de rendemento do alumnado e realizo actividades acordes a estas. | | | | |
| **5. Deseño da tarefa** | A (4) | B (3) | C (2) | D (1) |
| Teño en conta as adaptacións ás necesidades do alumnado. | | | | |
| Emprego rutinas de pensamento en todas as sesións. | | | | |
| Emprego estruturas de aprendizaxe cooperativo en todas as sesións. | | | | |
| Inclúo variedade recursos materiais e humanos para lograr os obxectivos propostos. | | | | |